

Número de expediente: 2019/TRIBUNAL/000008

RESOLUCIÓN DA CONCELLEIRA DE GOBERNO RESPONSABLE DO SERVIZO DE PERSOAL E CULTURA POLA QUE SE APROBA O NOMEAMENTO DOS ASESORES ESPECIALISTAS PARA O 5º E 6º EXERCICIO DA OPOSICIÓN DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA A PROVISIÓN, MEDIANTE OPOSICIÓN LIBRE, DUNHA PRAZA DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO DE ADMINISTRACIÓN XERAL, INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2017.

Consonte á base 8ª das bases xerais que rexen a convocatoria do proceso selectivo convocado para a provisión, mediante oposición libre, dunha praza de auxiliar administrativo da administración xeral, incluída na oferta de emprego público do ano 2017, publicada no BOP núm. 10 do 15 de xaneiro de 2019, o tribunal cualificador, por medio do seu Presidente, poderá dispor a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas para as probas cos labores que estime pertinentes, limitándose estes a prestar colaboración nas súas especialidades técnicas.

Á vista do anterior esta concellaría de goberno, no exercicio das súas atribucións delegadas

RESOLVE

Primeiro.- Designar en calidade de asesora do tribunal para o quinto exercicio, consistente na realización de probas psicotécnicas, segundo o disposto na base 4 e) das bases específicas da convocatoria a dona Andrea Picón Costa, quen foi contratada para o servizo de asesoramento nas probas psicotécnicas dos procesos selectivos convocados para cubrir prazas da OEP de 2017 (administrativo, auxiliar e operario, en quenda libre), segundo se reflicte no DOCCM do expediente 2019/DOCCMV4/001458.

Segundo.- Designar en calidade de asesor do tribunal para o sexto exercicio da oposición, consistente na realización dunha proba de coñecemento práctico a nivel usuario de contorno operativo Windows, manexo de ferramentas de ofimática (LibreOffice) e de utilidades elementais de internet en dito contorno (navegación, correo electrónico, etc) a don José Ramón Rodríguez Tourón, Xefe do Servizo de Informática.

Terceiro.- Publicar a presente resolución no taboleiro de anuncios do Concello de Pontevedra, situado no baixo do edificio Michelena 30, para xeral coñecemento e efectos e, de forma complementaria, na Sede Electrónica do Concello de Pontevedra (sede.pontevedra.gal).

Así o ordena e dispón a concelleira de goberno responsable do Servizo de Persoal e Cultura, no exercicio das súas atribucións delegadas, en Pontevedra, na data da sinatura electrónica, do que eu, Secretario da administración municipal, dou fe.